

## VINTE ANOS DE GALICIA NA UNIÓN EUROPEA

ALBINO PRADA BLANCO / SANTIAGO LAGO PEÑAS  
Universidade de Vigo

Recibido: 19 de setembro de 2008

Aceptado: 25 de setembro de 2008

---

**Resumo:** Neste traballo facemos unha revisión polo miúdo dos agregados de produción e ocupación da economía galega desde o seu ingreso na Comunidade Económica Europea no ano 1986. En conxunto, os resultados acadados son discretos, cunha lixeira mellora de Galicia nos indicadores per cápita no conxunto de España grazas á forte perda de peso poboacional, e cun mellor comportamento de Galicia respecto da media da UE-15 por ese mesmo factor demográfico e polo forte ciclo expansivo e asimétrico no escenario europeo que experimentou a economía española desde o ano 1995 e que, cun diferencial negativo respecto da media das comunidades autónomas, tamén favoreceu a Galicia. Tamén se avalía a transformación do crecemento da produción nun desenvolvemento social que poida considerarse sostible.

**Palabras clave:** Economía de Galicia / Unión Europea / Emprego / Crecemento / Desenvolvemento sostible.

### TWENTY YEARS OF GALICIA IN THE EUROPEAN UNION

**Abstract:** This paper offers an in-depth review of Galician production and employment macroaggregates since 1986, when it became an EEC member. As a whole, the balance shows a fairly average performance. With respect to the Spanish average, per capita GDP has slightly improved due to a shrinking population share. Regarding the EU-15 average, results are better. Both the demographic crisis and the asymmetric Spanish economic boom between 1995 and 2007 have fuelled convergence. The paper also analyzes the relationship between GDP growth and sustainable development.

**Keywords:** Galician economy / European Union / Employment / Economic growth / Sustainable development.

---

## 1. INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste traballo é analizar a dinámica macroeconómica da economía galega desde o seu ingreso na CEE no ano 1986 ata a actualidade. A atención céntrase na evolución do produto interior bruto (PIB), poboación e emprego, así como noutros indicadores de benestar social complementarios. As comparacións referiranse ao espazo da chamada UE-15 para evitar as distorsións estatísticas motivadas polas sucesivas incorporacións de países á Unión Europea.

Xa que logo, desbotamos facer unha análise sectorial do impacto da integración de Galicia na actual Unión Europea (UE). Contamos xa con traballos que teñen analizado polo miúdo este impacto nalgúns dos sectores máis afectados, coma o agrogandeiro (Colino *et al.*, 1999), o pesqueiro (Varela *et al.*, 2001) e o naval (Prada e Teixeira, 2004); con panorámicas sobre a incidencia da política rexional europea neste mesmo monográfico (Armesto, 2008); e con análises recentes da apertura comercial e financeira da economía galega, coma os que aparecen no recente monográfico de *Papeles de Economía Española* dedicado á eurorrexión Galicia-Norte de Portugal (FUNCAS, 2007). Así mesmo, tamén deixamos a un lado as cuestións normativas que atinxen á definición da política económica no escenario actual. Un


escenario que, en comparación co do ano 1986, vén definido por máis integración económica; máis apertura, da man do fenómeno da globalización; e máis autogoberno, pola consolidación do Estado das autonomías nos últimos vinte e cinco anos. Neste sentido, permitímonos remitir ao lector a varios proxectos editoriais recentes nos que temos participado (Prada e Álvarez Corbacho, 2006; Prada, 2007; Lago Peñas e Álvarez Corbacho, 2008).

A estrutura do artigo é a seguinte. No segundo epígrafe falamos da evolución do PIB e da poboación; no terceiro, doutros indicadores de benestar complementarios e no cuarto, de emprego. Rematamos cun breve apartado de conclusións.

## 2. PIB, POBOACIÓN E PIB POR HABITANTE


Nas gráficas 1 e 2 representamos a participación de España e de Galicia no PIB, medido en paridades de poder de compra, e na poboación da UE-15. Ofrecemos os datos para os anos 1985 e 2005. En termos de PIB, a economía española pasou de representar o 8% ao 10,2%, mentres que Galicia pasou do 0,48% ao 0,52%; o avance é significativamente máis forte no caso de España. Unha asimetría semellante dáse no caso da poboación: mentres que España incrementa o seu peso en cinco décimas –pasa do 10,7% ao 11,2%–, Galicia perde nove centésimas –pasa do 0,79% ao 0,70%–.

**Gráfica 1.-** Dimensión produtiva e demográfica de España na UE-15 nos anos 1985 e 2005



FONTE: Elaboración propia a partir de Elcano (2006), INE e Eurostat.

**Gráfica 2.-** Dimensión produtiva e demográfica de Galicia na UE-15 nos anos 1985 e 2005



FONTE: Elaboración propia a partir de Elcano (2006), INE e Eurostat.


A combinación dos dous indicadores dá lugar ao resultado que reflicte a gráfica 3: Galicia e España converxen de xeito notable cara á media da UE-15 desde o ano 1985. Porén, a vía da converxencia é moi diferente nos dous casos. Con carácter xeral, a ratio de converxencia en PIB *per cápita* dunha economía rexional *A* integrada noutra máis extensa *B* pode descompoñerse do seguinte xeito:

$$\frac{\frac{PIB_A}{POB_A}}{\frac{PIB_B}{POB_B}} = \frac{PIB_A}{PIB_B} \cdot \frac{1}{\frac{POB_A}{POB_B}}$$

No caso que nos atinxe, a economía *B* sería a UE-15, tanto para Galicia coma para España. De feito, para Galicia España tamén sería *B*. A expresión anterior amosa que *A* pode converxer con *B* por dúas vías: aumentando o peso do seu PIB ou reducindo o seu peso poboacional. España tomou a primeira vía para converxer coa UE-15 e Galicia optou, sobre todo, pola segunda.

Sendo 100% PIB *per cápita* comunitario en termos de paridades de poder de compra nos anos 1985 e 2005, España pasou do 75% ao 91% e Galicia do 61% ao 75%. En definitiva, Galicia converxe menos ca España e faino, sobre todo, pola vía pasiva da converxencia: a perda de peso demográfico. Pola contra, España converxe exclusivamente polo incremento do peso do PIB e a pesar dunha dinámica demográfica expansiva.

**Gráfica 3.-** PIB *per cápita* da UE-15, de España e de Galicia nos anos 1985 e 2005 (UE=100)



FONTE: Elaboración propia a partir de Elcano (2006), INE e Eurostat.

Xa en termos dinámicos, unha ollada panorámica ao período que vai desde a incorporación de Galicia á daquela chamada CEE ata a actualidade (1986-2006) ofrécennola as taxas medias de crecemento. Aínda que a economía galega ten medrado moito, fíxoo a unha velocidade inferior á de España en todos os subperíodos (lustros) considerados (táboa 1).

E cando chega a recuperación dos anos noventa, na segunda metade da década, Galicia vai ser menos beneficiada por esta. A implicación inmediata deste menor crecemento amósase na primeira fila da táboa 2: a perda continua de peso económico de Galicia no conxunto do Estado.

**Táboa 1.-** Taxas medias de crecemento anual do produto en Galicia e en España

PERÍODO	1986-1990	1991-1995	1996-1999	2001-2006
Galicia	2,7%	1,1%	2,8%	3,1%
España	4,4%	1,3%	3,5%	3,4%

FONTES: Cancelo (2006, p. 71) para o período 1981-1999, e *Contabilidade rexional* do INE 2000-2006.

**Táboa 2.-** Porcentaxe que supón Galicia sobre o total español en PIB, poboación e PIB *per cápita* de Galicia (España=100)

PERÍODO	1986-1990	1991-1995	1996-1999	2006
PIB	5,8%	5,7%	5,5%	5,1%
Poboación	7,1%	7,0%	6,9%	6,2%
PIB/Poboación	81,9%	81,3%	80,7%	83,0%

FONTES: Cancelo (2006, p. 71 e p. 106) para o período 1981-1999, e *Contabilidade rexional* do INE 2000-2006 e *Padrón municipal* para o ano 2006.

Do 5,8% de media nos anos 1986-1990 chegamos ata o 5,1% no ano 2006. Poderíamos deternos na análise das diferentes velocidades ás que se ten producido esta perda, pero a nota que hai que subliñar é máis a dimensión da perda: desde o noso ingreso na UE a economía galega perdeu máis dun 10% de peso relativo no conxunto de España.

Coa poboación ocorre algo semellante: cae de xeito continuado ao longo do período, pasando do 7,1% no segundo lustro dos anos oitenta ata o 6,2% no ano 2006 (táboa 2, segunda fila). Desde o ano 1986 o peso da poboación e do PIB galego no conxunto estatal evolucionan de xeito acompasado. Como resultado, o indicador PIB *per cápita* vaise manter preto do 80% desde aquela (táboa 2, terceira fila), mellorando marxinalmente nos últimos anos. En conxunto, Galicia atópase hoxe nunha posición relativa semellante á do momento no que España ingresou na CEE.

Como fonte estatística alternativa, Eurostat ofrece datos rexionais<sup>1</sup> para a década 1995-2005 tanto de valor engadido coma de emprego. Na riqueza xerada o peso de Galicia é semellante ao que vimos no PIB: pasamos neses dez anos dun 5,6% a un 5,1%, case o 10% de caída en termos relativos. Mais en termos de emprego, a evolución foi moito máis negativa: pasamos dun 7,2% a un 5,6%, caída que supón un descenso do 22% en apenas dez anos.


### 3. INDICADORES DE DESENVOLVEMENTO E SUSTENTABILIDADE SOCIAL

O valor do PIB ou mesmo o PIB *per cápita* ofrecen unha información parcial sobre o benestar e a calidade de vida dun país. Por ese motivo, a ONU ten desenvolvido índices que analizan de xeito complementario outros aspectos. Entre eles salientan o *índice de desenvolvemento humano* (IDH), o *índice de desenvolvemento*

<sup>1</sup> <http://epp.eurostat.ec.europa.eu>

de xénero (IDX) e o índice de pobreza humana para países escollidos da OCDE (IPH-2). No caso do IDH, combínanse tres indicadores parciais: a esperanza de vida, a educación e a renda *per cápita*. O seu valor atópase normalizado entre 0 e 1. A maior valor do índice, maior nivel de desenvolvemento humano. O IDH aproximaría unha cuantificación de como un país é quen de transformar crecemento económico e produción de riqueza en desenvolvemento social. Para o ano 2003 presentamos na gráfica 4 os resultados deste índice.

**Gráfica 4.-** Índice de desenvolvemento humano no ano 2003




FONTA: Elaboración propia a partir de PNUD (2005) e Reig (2007, p. 104).

Como ben se observa, a posición de Galicia está por baixo dos espazos de referencia, mais cabe subliñar que a desviación respecto da media europea é moi inferior á que temos en termos de produción de riqueza. Dito doutro xeito: Galicia ascende posicións nun *ranking* do IDH internacional con respecto á posición que ocuparía ordenada polo seu PIB *per cápita*.

En termos dinámicos e dentro de España, Galicia era no ano 1981 a quinta Comunidade Autónoma menos desenvolvida de España, segundo o valor do IDH, só por diante de Canarias, Castela-A Mancha, Andalucía e Extremadura. Porén, a súa posición vai mellorando no tempo entre os anos 1981 e 2000, de xeito que converxe cara á media española (gráfica 5) adiantando a Murcia e á Comunidade Valenciana.

**Gráfica 5.-** Evolución do IDH en Galicia respecto da media estatal (1981-2000)



FONTA: Bancaja (2004).

En resumo, a posición de Galicia no concerto autonómico mellora significativamente. Aínda que se sitúa por baixo da media e da mediana, adianta a comunidades autónomas con PIB *per cápita* superiores cando, ademais, se contemplan outras dimensións individuais relevantes para o benestar e vencelladas á saúde, á educación, á discriminación entre sexos ou á polarización social. Noutras palabras, a nosa diverxencia en desenvolvemento é menor ca en crecemento económico.

Exposto o anterior, importa analizar se ese crecemento e ese desenvolvemento son sostibles temporal, ambiental e socialmente.

Para avaliar a sustentabilidade económica dun país no tempo adoitan analizarse os recursos que supoñen sementar un esforzo no presente para obter un maior crecemento no futuro. Son de tres tipos: de innovación en procesos e produtos, de cualificación dos recursos humanos, e de alfabetización e desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

Con respecto aos primeiros, aos que nos imos limitar aquí<sup>2</sup>, pode avaliarse a situación relativa dunha economía como a galega segundo tres perspectivas complementarias: de esforzo, de resultados ou con índices sintéticos. Nos indicadores de esforzo, a situación galega estaría aínda hoxe por baixo da metade da media europea tanto en I+D (gastos privados ou públicos internos) como na innovación (i) empresarial con gastos externos (compras de permisos, maquinaria, formación, investimentos en márketing, etc.). Nos gastos internos é dobremente preocupante a súa asimetría: insuficiente pero notable na compoñente pública, moi defectiva na compoñente privada. Como exemplo, o País Vasco cuadriplica o noso esforzo. Na compoñente de innovación externa das empresas abonde con dicir que, malia non semellar escaso respecto da media española, non chegamos á terceira parte dos referentes europeos.

Se do esforzo pasamos aos resultados obtidos con el, a nosa situación, lonxe de mellorar, empeora tanto se medimos exportacións ou emprego en empresas de alta compoñente tecnolóxica como se medimos o número de patentes conseguidas. Neste caso non é só que esteamos moi lonxe da media española. É que a situación española en xeral e das comunidades autónomas líderes amosan unha fenda enorme coa media europea, e xa non digamos cos países líderes neste eido.

Dun xeito sistemático, a Comisión Europea ten calculado indicadores de síntese rexionais usando simultaneamente variables tanto de esforzo coma de resultados. Nos primeiros, á parte do esforzo público e privado téñense en conta os gastos en innovación, a porcentaxe de empresas que innovan, as actividades de formación permanente, etc.; e dentro dos segundos, á parte das patentes conseguidas, cuantifícase o emprego en actividades intensivas en tecnoloxía ou as vendas de produtos novos no mercado.

A situación de Galicia, á vista dos resultados que recollemos na táboa 3, non só é mediocre no conxunto español senón que no conxunto das 203 rexións da UE-25

---

<sup>2</sup> Desenvolvemos isto máis devagar en Lago Peñas (2007) e no libro *A economía de Galicia na Unión Europea* (Galaxia, no prelo).

avaliadas ocuparíamos a posición 140. Non semella, daquela, que o noso crecemento económico poida ser sostible no tempo, porque os índices sintéticos analizados evidenciarían ás claras as nosas debilidades competitivas nos mercados globais.

**Táboa 3.-** Índices de síntese sobre innovación da Comisión Europea (2003)


	RNSII REESCALADO	RSII REESCALADO	RRSII
Madrid	1,00	0,45	0,72
País Vasco	0,79	0,38	0,58
Navarra	0,77	0,37	0,57
Cataluña	0,75	0,33	0,54
Aragón	0,56	0,32	0,44
Comunidade Valenciana	0,43	0,21	0,32
Castela e León	0,37	0,24	0,30
Murcia	0,37	0,23	0,30
Galicia	0,34	0,23	0,28
Cantabria	0,27	0,24	0,25
Asturias	0,21	0,20	0,20
Canarias	0,23	0,16	0,20
A Rioxa	0,17	0,21	0,19
Andalucía	0,18	0,17	0,17
Castela-A Mancha	0,06	0,13	0,10
Baleares	0,02	0,11	0,07
Estremadura	0,00	0,12	0,06

FONTE: Comisión Europea.

Polo que respecta á sustentabilidade ambiental, un indicador sintético sobre as potencialidades e os impactos derivados do noso modelo alimentario e de consumos enerxéticos (neste caso, como superficie forestal que absorba as emisións derivadas) é a pegada ecolóxica<sup>3</sup>. Para Galicia, a estimación máis recente do Ministerio de Medio Ambiente para o ano 2005 sitúa a pegada ecolóxica en 6,6 hectáreas, lixeiramente por riba da media española (6,4), moi por riba da media mundial, que é aproximadamente da metade, e lixeiramente por riba da pegada ecolóxica media da Europa occidental.


E xa, finalmente, con respecto á sustentabilidade social da nosa economía, podemos manexar dous indicadores: o índice de dependencia e a taxa de paro. O índice de dependencia cuantifica canta poboación maior (de 65 anos) existe por cada cen persoas en idade de traballar (entre os 15 e os 64 anos). Á vista da gráfica 6 para o período 1981-2001, a situación é dunha crecente “insustentabilidade”. Se no ano 1981 superabamos en 3,5 persoas a media española, vinte anos máis tarde superamos esa media en máis de 6 persoas. Este feito traduciríase, entre outros efectos, nun non doado financiamento dos servizos públicos decisivos para os maiores, como son as pensións e a asistencia sanitaria.

<sup>3</sup> Consultar [www.rprogress.org](http://www.rprogress.org) ou os informes do noso Ministerio de Medio Ambiente sobre a cuestión.

**Gráfica 6.- Índice de dependencia**

FONTE: Elaboración propia a partir de Elcano (2006).

De feito, o avellentamento xúntase coa menor capacidade fiscal de Galicia para dar lugar a un forte desequilibrio estrutural entre ingresos públicos xerados en Galicia e gastos públicos imputables. Ese desequilibrio –o chamado saldo fiscal– aparece reflectido na gráfica 7. Para o conxunto do período 1991-2005, Galicia é unha das comunidades autónomas fiscalmente máis dependentes, só claramente por detrás de Extremadura e de Asturias e a un nivel semellante a Andalucía e a Castela-A Mancha<sup>4</sup>.

**Gráfica 7.- Saldos fiscais e PIB *per cápita* para o conxunto da Administración Pública central (en euros 2005). Media 1991-2005**

FONTE: Uriel e Barberán (2007).

Unha perspectiva diferente da sustentabilidade social do noso crecemento económico viría cuantificada pola taxa de paro, definida coma a porcentaxe das persoas dispoñibles para traballar e que buscan activamente emprego (paro estimado en España pola EPA) sobre o conxunto da poboación activa. Tampouco desde esta

<sup>4</sup> O caso de Canarias é especial. A súa balanza fiscal está moi condicionada polo réxime económico e fiscal que posúe.

perspectiva a nosa situación presenta un balance positivo ao longo do período analizado, como pon de manifesto a táboa 4.

De termos no pasado unha situación mellor cá media española, rematamos tendo unha taxa de paro lixeiramente superior (nun punto) e máis aínda con respecto á media europea (dous puntos). É, loxicamente, a outra faciana do noso menor crecemento económico durante todo ese período, mais tamén do comportamento do emprego, asunto do que nos ocupamos deseguido.

**Táboa 4.-** Taxas de desemprego


	1986	2006
UE-15	9,3	8,1
España	21,5	9,1
Galicia	13,6	9,9

FONTES: Eurostat<sup>5</sup> e INE.

#### 4. EMPREGO

Como víamos na táboa 1, a economía galega tería anotado un menor crecemento económico que, en xeral, se tería transformado nunha menor xeración de emprego e nunha perda de peso relativo nun período no que o conxunto de España aumentou en seis millóns o número de empregos. Cos datos de afiliados á Seguridade Social (gráfica 8) comprobamos esa menor xeración de emprego da economía galega e podemos secuenciar o ciclo económico 1991-2008 da forma seguinte: 1991-1994 crise e recesión, 1995-1998 reactivación, 1998-2006 prosperidade, 2007-2008 crise, e xa no 2009-2010 poderíamos entrar en recesión. Desda gráfica despréndese que se a creación de emprego nas fases de crecemento vai por baixo do ritmo deste, nas fases de desaceleración ou de crise a destrución de emprego tende a ser maior.

**Gráfica 8.-** Taxas de variación interanual dos cotizantes á Seguridade Social (1991-2008)




FONTE: Ministerio de Trabajo (no mes de xuño de cada ano).

<sup>5</sup> O dato da UE-15 con 9,3 corresponde ao ano 1993.

Doutra banda, e cunha serie temporal trimestral das taxas de variación inter-anual para os catro últimos anos dos afiliados á Seguridade Social e do PIB, podemos comprobar como esa transformación de crecemento en emprego se produce sempre cunha elasticidade inferior á unidade (gráfica 9). A fenda entre ambas as dúas series mediría a evolución da produtividade aparente do traballo na economía galega.


**Gráfica 9.-** Transformación de crecemento en emprego en Galicia (2004-2008)




FONTE: Elaboración propia a partir do IGE.

Xa desde a perspectiva da distribución primaria da renda, paga a pena observar conxuntamente as gráficas 10 e 11. Entre un avance dun 40%-50% da taxa de emprego en Galicia e a oscilación dun 46%-45% na participación dos salarios dos ocupados no PIB, agóchanse sen dúbida procesos de subemprego, de emprego parcial, de mileurismo, de emprego eventual e inestable e de contratos temporais, que teñen segmentado o mercado de traballo en Galicia en dous submercados: o dos antigos empregados estables e con certas garantías de revisión dos seus salarios e o dos acabados de chegar afeitos a unha precariedade á baixa. Dúas circunstancias extremas que non son boas parceiras dos aumentos da competitividade en calidade, diferenciación e innovación.

**Gráfica 10.-** Evolución da taxa de emprego (1986-2006)




FONTE: Elaboración propia a partir da *Enquisa de poboación activa*.

**Gráfica 11.-** Evolución da participación da remuneración dos asalariados no PIB

FONTE: Elaboración propia a partir do INE-CRE.


Para a correcta interpretación destes comportamentos agregados, é aconsellable facer tamén unha lectura sectorial. Para iso imos servirmos do concepto de *fenda de produtividade* sectorial, que compara a produtividade media dun sector coa produtividade media para o conxunto da economía. Para o caso de Galicia e con datos de Eurostat para a década 1995-2005, pasamos a comentar os resultados do sector primario e das manufacturas.

No caso do primeiro (gráfica 12), teríase reducido o peso da súa produción no total da economía galega, pero máis aínda o peso do seu emprego. Consecuentemente, de estar situada a súa produtividade nun 36% da media galega no ano 1995, tería pasado a situarse nun 63% dez anos máis tarde. A fenda seguiría a existir, mais a ese ritmo de axuste podería acadarse un equilibrio nunha década.

**Gráfica 12.-** Evolución da fenda de produtividade no sector primario


FONTE: Elaboración propia a partir de Eurostat.

Un caso moi distinto sería o do sector industrial (gráfica 13). De entrada, porque, malia dos teóricos da desindustrialización ou “desmaterialización” da economía, a importancia das manufacturas na economía galega vén aumentando nos últimos anos. E véno facendo en compañía dunha non menos interesante creación de emprego (88.000 nesos dez anos) que faría aumentar o seu peso no emprego total. Neste caso, a fenda de produtividade sería positiva, pois o VEB supón un peso maior ao do emprego (dun 119% no ano 1995 e dun 108% no ano 2005), aínda que decrecente.

**Gráfica 13.-** Evolución da fenda de produtividade no sector industrial


FONTE: Elaboración propia a partir de Eurostat.

Mais é nos servizos –na terciarización– onde pola súa importancia absoluta o peor comportamento galego se traduce nun moi inferior dinamismo do emprego agregado da nosa economía. Non vai ser nos servizos públicos onde se asente esa menor terciarización senón nos destinados á venda. Con todo, este resultado sectorial presenta unha faciana en termos de xénero que nos parece moi importante visualizar. Trátase da masiva nova demanda de traballo feminino nos servizos e do seu devalo no mundo rural (gráfica 14).

**Gráfica 14.-** Evolución da demanda de traballo feminino

FONTE: Elaboración propia a partir da EPA (en miles de persoas).

Rematamos presentando unha visión sintética destas asimetrías no comportamento sectorial do emprego, diferenciando a súa evolución cíclica total nunha partición moi reveladora: a da ocupación no sector primario e a do resto da economía (gráfica 15).


**Gráfica 15.-** Comportamento cíclico do emprego

FONTE: Elaboración propia con datos do INE-EPA (2002) (IV trimestre).

Contemplada así, a relación entre crecemento económico e emprego amosa en Galicia importantes matices. O primeiro é que a transformación de crecemento económico en emprego non agrario é especialmente intensa (moitas veces preto dun positivo 5% interanual); o segundo é que xoga en contra a permanente destrución de emprego no sector primario en taxas negativas que superan o 5%. Xa que logo, o resultado agregado que comentabamos ao comezo desta análise obedece a esa contraditoria tendencia.

É importante destacar, polo tanto, o carácter contracíclico do emprego agrario: faise especialmente negativo nos anos de maior crecemento do emprego non agrario (1990, 1997, 2001), pois os activos agrarios abandonan a súa actividade se hai oportunidades fóra do sector, e modérase o seu comportamento negativo cando o resto da economía crea menos emprego (1987, 1992, 1993). Para analizar este fenómeno dun xeito máis preciso fixemos un sinxelo exercicio econométrico cos datos para o período 1976-2000<sup>6</sup>. A gráfica 16 clarexa a existencia dunha correlación negativa entre as taxas de crecemento de ambas as dúas categorías de emprego: primario (*DLP*) e non primario (*DLNOP*). O coeficiente de correlación lineal correspondente é de -0,44.

**Gráfica 16.-** Correlación entre as taxas de crecemento do emprego primario e non primario



FONTE: Elaboración propia.

Así pois, para explicar a dinámica do emprego primario hai que artellar cando menos dous mecanismos: a caída tendencial do emprego como resposta aos profundos cambios estruturais no agro, e o comportamento inverso ao do emprego non primario ao longo do ciclo de negocios. Neste sentido, na primeira columna da táboa 5 estímase econometricamente unha ecuación na que aparece como variable explicada o logaritmo do emprego agrario (*LP*) por medio dunha tendencia temporal (*TEMPO*), que toma o valor 1 no ano 1976 e o 25 no ano 2000.

Os resultados da estimación en niveis virían confirmar o signo negativo de ambas as dúas variables explicativas e a validez da interpretación que temos feito no

<sup>6</sup> Os datos de emprego utilizados nos recadros proceden da *Enquisa de poboación activa* (EPA) e os do VEB do IGE.

texto. O sector primario actuaría a modo de “refuxio” da poboación activa cando a conxuntura económica é mala, e en sentido inverso proporcionaría man de obra nas conxunturas boas. Porén, os baixos valores dos estatísticos DW e ADF apuntan a probable non cointegración das series. Este resultado confirmámolo mediante a aplicación do test de cointegración de Johansen. Dado o carácter integrado de orde 1  $-I(1)-$  de *LP* e de *LNOP*, optamos por aplicar diferenzas sobre os niveis das series. Teríamos así dúas novas series: *DLP* e *DLNOP*, que serían diferenzas logarítmicas. Polo tanto, o que facemos en realidade na segunda columna é traballar con taxas de crecemento. Ao diferenciar, a tendencia temporal convértese nunha constante e a constante desaparece.

Os resultados amosan unha taxa media de crecemento tendencial do emprego no sector primario ao longo do período dun -4% anual, que é complementada por un comportamento cíclico inverso ao do emprego nos sectores non primarios. Cada punto de crecemento do emprego non primario tradúcese de media en 0,9 puntos menos no crecemento do emprego primario, e viceversa. Poñamos algúns exemplos: un ano no que o crecemento do emprego non primario fose do 0%, o emprego primario caería o 4%; se o emprego non primario medra o 4%, o emprego primario faríao ao -7,6%; se o emprego non primario cae o 2%, o non primario caería tan só o 2,2%.

**Táboa 5.-** Relación entre emprego primario e non primario

	ESTIMACIÓNS EN NIVEIS	ESTIMACIÓNS EN PRIMEIRAS DIFERENZAS
	Variable explicada <i>LP</i>	Variable explicada <i>DLP</i>
<i>LNOP</i>	-1,25 (-4,38)	
<i>DLNOP</i>		-0,90 (-2,30)
<i>TEMPO</i>	-0,04 (-10,50)	-0,04 (-3,17)
Constante	30,1 (7,90)	
R <sup>2</sup>	0,96	0,20
ADF	-2,24	
D-W	0,53	1,61
Observacións	25	24

NOTAS: R<sup>2</sup> é o coeficiente de determinación, DW é o valor do estatístico de autocorrelación serial de primeira orde dos residuos proposto por Durbin e Watson, e ADF é o test de raíces unitarias ampliado de Dickey-Fuller aplicado sobre os residuos da estimación.

## 5. CONCLUSIÓNS

O balance macroeconómico de Galicia na Unión Europea contén aspectos positivos e negativos. O PIB galego medrou de xeito salientable en termos absolutos e

produciuse unha necesaria e atinada transformación da estrutura produtiva de Galicia. Pero medramos claramente menos ca o resto de España e só algo máis cá media da UE-15. Polo tanto, os avances que se teñen producido en termos de converxencia do PIB *per cápita* débense, sobre todo, á perda de peso demográfico de Galicia en España e en Europa.

Tamén medra de xeito significativo o emprego, pero de novo menos ca en España; a taxa de paro mellora de xeito importante, pero seguimos por riba da taxa media de paro da UE-15. Ademais, hai que salientar a perda de peso dos salarios na distribución primaria da renda, o que estaría reflectindo o empeoramento en termos comparativos da calidade dos postos de traballo en termos de estabilidade e salarios.

Doutra volta, salienta a mellor posición de Galicia no *indicador de desenvolvemento humano* ca no PIB *per cápita* tanto en termos estáticos coma dinámicos. Pola contra, é rechamante que cunha menor capacidade produtiva teñamos unha pegada ecolóxica máis forte cá media española e mesmo cá media da Europa occidental. En último termo, é preocupante o proceso de avellentamento da poboación galega que incrementa a taxa de dependencia, eleva o custo da provisión dos servizos públicos e, dado o potencial fiscal de Galicia, agrava tamén a nosa dependencia fiscal.

## BIBLIOGRAFÍA

- ARMESTO, J. (2008): “O impacto da política rexional comunitaria en Galicia: Unha panorámica”, *Revista Galega de Economía*, vol. 17, núm. extraord., pp. 57-74.
- BANCAJA (2004): *Capital humano y desarrollo humano en España, sus CC.AA. y provincias*.
- CANCELO, J.R. [dir.] (2006): *La economía de Galicia. Un análisis cuantitativo*. A Coruña: Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza.
- COLINO, J.; NOGUERA, P.; RODRÍGUEZ, M. (1999): *La agricultura gallega en la Unión Europea. Balance del primer decenio*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia.
- ELCANO (2006): *20 años de España en la Unión Europea (1986-2006)*. Madrid: Real Instituto Elcano.
- ESPAÑA. MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE (2007): *Análisis preliminar de la huella ecológica en España. Informe de síntesis*. Madrid.
- FUNCAS (2007): *Papeles de Economía Española. Comunidades Autónomas*, núm. 22: *Galicia-Norte de Portugal*.
- LAGO PEÑAS, S. (2007): “Capital tecnológico y sistema de innovación de la euroregión Galicia-Norte de Portugal”, *Papeles de Economía Española. Comunidades Autónomas*, núm. 22: *Galicia-Norte de Portugal*, pp. 65-74.
- LAGO PEÑAS, S.; ÁLVAREZ CORBACHO, X. [coord.] (2008): *Territorio, financiamiento e control de gasto. Chaves da economía pública galega II*. Vigo: Galaxia.
- PNUD (2005): *Informe sobre desarrollo humano, 2005*. Madrid: Mundi-Prensa.

- PRADA, A. [coord.] (2007): *Globalización, competencia e deslocalización*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Economía e Facenda.
- PRADA, A.; ÁLVAREZ CORBACHO, X. [coord.] (2006): *Chaves da economía pública galega*. Vigo: Galaxia.
- PRADA, A.; TEIXEIRA, J.F. (2004): “Construcción naval: sobre estrategias en un sector estratégico”, *Economistas*, núm. 104, pp. 101-109.
- REIG, E. [dir.] (2007): *Competitividad, crecimiento y capitalización de las regiones españolas*. Bilbao: Fundación BBVA.
- URIEL, E.; BARBERÁN, R. (2007): *Las balanzas fiscales de las comunidades autónomas con la Administración Pública central (1991-2005)*. Bilbao: Fundación BBVA.
- VARELA, M.; SURÍS, J.; GARZA, D.; IGLESIAS, C. (2001): *Galicia e o mar. Estudos de economía pesqueira*. Vigo: Galaxia.